



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 27 DE OUTUBRO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación do proxecto de ampliación e distribución de crédito para a convocatoria de axudas para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá. Plan de reactivación do sector turístico covid-19. Apróbase unha corrección de erros da proposta e dase conta da operación orzamentaria de modificación de crédito “Expediente de modificación de crédito mediante complemento de crédito con número 2020-SUPLE-04 por importe de 100.000 euros, entrando en vigor esta modificación orzamentaria con data 2 de outubro. Esta dotación adicional repártese da seguinte maneira:

- Un aumento de 50.000 euros na contía destinada a información, asesoramento e titorización de proxectos empresariais, etc., a través da subvención nominativa concedida á entidade “Camara de Comercio de Santiago de Compostela”; que pasa dun crédito inicial de 50.000 a 100.000 euros.
- Un aumento de 50.000 euros na contía destinada á “Convocatoria para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá Plan de Reactivación do sector turístico COVID19”; que pasa de 100.000 a 150.000 euros repartidos da seguinte maneira.
 - Liña A (investimentos), increméntase en 25.000 euros. O seu orzamento é agora de 75.000 euros.
 - Liña B (comunicación), increméntase en 7.500 euros. O seu orzamento é agora de 22.500 euros.
 - Liña C (gastos correntes de outro tipo), increméntase en 17.500 euros. O seu orzamento é agora de 52.500 euros.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación da ampliación do prazo de resolución e xustificación para a “Convocatoria de axudas para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá. Plan de reactivación do sector turístico covid-19”. Acórdase ampliar o prazo da xustificación da convocatoria ata o 30 de novembro; e ordenar a publicación desta ampliación na Base de Datos Nacional de Subvencións a través do BOP da Coruña, tal e como establecen as bases e a normativa xeral de subvencións.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación da ampliación do prazo de resolución e xustificación para a “Convocatoria de axudas a empresas para a reactivación económica COMPOSTELA MOVESE 2020 covid-19 para autónomos e micropemes de menos de 11 traballadores, de Santiago de Compostela” Acórdase ampliar o prazo da xustificación da convocatoria ata o 30 de novembro; e ordenar a publicación desta ampliación na Base de Datos Nacional de Subvencións a través do BOP da Coruña, tal e como establecen as bases e a normativa xeral de subvencións.

5.- Aprobación do proxecto de modificación do artigo 33.2 das bases de execución do orzamento 2020 no que respecta ao obxecto da subvención nominativa a favor da Federación Gallega de Kárate e disciplinas asociadas. Acórdase a citada modificación, no sentido de cambiar o obxecto da subvención nominativa recollida a favor da entidade beneficiaria “Federación Gallega de Kárate y disciplinas asociadas”, de importe máximo concedido de 3.500 euros, co obxecto inicial de colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego sénior de kárate, propoñendo a súa substitución como novo obxecto “Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego Infantil de kárate de 2020”.